

***CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA***

SECCIÓN 09

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponde a programación, regulamento e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades e a coordinación do sistema universitario. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo e a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. Correspóndenlle tamén as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e as que se derivan da normativa reguladora dos órganos colexiados e entes de dereito público que ten adscritos.

Polos decretos 211/2005, do 3 de agosto (DOG nº 149 do 4 de agosto) e 232/2005 do 11 de agosto (DOG nº 155 do 12 de agosto), establécese a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como a dos seus Departamentos.

En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria queda configurada polos seguintes órganos superiores:

1. Conselleira.
2. Secretaría Xeral.
3. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
4. Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
5. Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia.
6. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do sistema universitario de Galicia.

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existe unha delegación provincial da consellería na que se integran os órganos e servizos existentes en cada provincia, de acordo co establecido no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se reorganiza a Administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos órganos territoriais.

Nos seus ámbitos territoriais, correspóndelle ás delegacións provinciais desempeñar as competencias determinadas no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e as derivadas da desconcentración de competencias efectuadas en virtude dos decretos 87 e 88/1990, ámbolos dous do 15 de febreiro, así como todas aquelas que lle sexan atribuídas por disposición legal ou lle sexan delegadas pola conselleira.

Están vinculados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes órganos colexiados:

1. Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
2. Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
3. Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos, creado pola Lei 9/1992, do 24 de xullo.
4. Consello Galego de Formación Profesional, creado por Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado por Decreto 214/2003, do 20 de marzo.
5. A Comisión Asesora de Formación do Profesorado, creada polo Decreto 245/1999, do 29 de xullo.
6. A Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional adscrita á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como ente de dereito público, creado pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.

Finalmente, queremos lembrar os reais decretos polos que se aprobaron os trasposos de funcións e servizos en materia de educación. Son os seguintes:

1. Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.

2. Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
3. Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientacións educativa e profesional).
4. Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada)
5. Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
6. Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
7. Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensinanzas superiores de mariña civil.
8. Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
9. Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
10. Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.

11. Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
12. Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).

2. *OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O 2006*

2.1. DA CONSELLERÍA

O obxectivo principal da política da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a aposta por unha educación de calidade para todos.

Nesta aposta terase en conta:

1. Un esforzo decidido por unha formación en valores e unha atención prioritaria para os alumnos con dificultades.
2. Un novo marco de relacións que permita ilusionar o profesorado para que cos medios máis axeitados poidan facerlles fronte ás dificultades formativas do mundo de hoxe.
3. Uns centros de ensino que desde todos os puntos de vista sexan espazos dinamizadores e integradores do seu contorno xeográfico de modo que se convertan en motores na loita contra a marxinación.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ademais de apostar por centros de ensino dinamizadores e integradores do seu contorno xeográfico de modo que sexan verdadeiros motores da loita contra a marxinación, fai un esforzo investidor importante para incrementar tanto o persoal docente, prestando un especial interese á

atención individualizada e á diversidade, coma ao persoal non docente. Incrementarase o número de coidadores, limpadoras, auxiliares administrativos, etc.

É para nos prioritario realizar un forte investimento na remodelación e conservación dos centros de ensino público. Queremos centros dignos cos que os escolares galegos se poidan identificar. Os centros de ensino cumprirán así a súa plena funcionalidade e ao seren integrados no contorno social son aproveitados para a realización de actividades complementarias: deportivas, formativas, lúdicas.

É pretensión deste equipo de goberno abrir os centros aos alumnos e á sociedade en xeral, fóra do horario escolar.

Somos conscientes que os nosos estudantes son o futuro de mañá. Por iso ofertarémolles un ensino de calidade que completaremos con actuacións como estadias no estranxeiro, para os alumnos de secundaria co fin de que adquiran dende a máis temperá idade o coñecemento doutras linguas comunitarias; campañas de promoción da lectura; axudas para que os alumnos galegos poidan dispoñer nas súas casas de ordenador.

Porén, este Goberno é perfectamente sabedor de que un ensino de calidade para todos non é posible se non se ilusiona ao profesorado nesta gran tarefa que é ensinar.

Por iso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aposta por un plan de formación permanente do profesorado no que teña un lugar especial a formación na utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación para a práctica pedagóxica.

A este respecto vaise facer un gran esforzo investidor para facilitarlles aos centros o acceso á sociedade da información a través do sistema de información da educación galega.

Este sistema permitirá fundamentalmente, tanto a docentes como a alumnos o acceso a contidos didácticos, recursos educativos e servizos interactivos. Permitirá, tamén, unha xestión administrativa centralizada que redundará nun maior

aproveitamento dos recursos e facilitará a xestión administrativa do expediente académico de cada un dos alumnos do sistema educativo galego.

Queremos insistir, unha vez máis, que esta consellería considera que a formación permanente do profesorado é un eixe vital para o dinamismo do sistema educativo.

De aí que apostemos por mellorar a competencia lingüística do profesorado en linguas estranxeiras, con diferentes actuacións para facilitarlles e fomentar nos escolares galegos a aprendizaxe das linguas estranxeiras xa desde a educación infantil.

Este equipo de goberno asume como proxecto prioritario a dinamización da formación profesional en Galicia permitindo achegar a formación profesional ao alumnado que a pode cursar. Queremos incidir en todos os contextos educativos, sociais e económicos sobre a enorme importancia de desenvolver unha formación profesional de calidade e recoñecida socialmente activando medidas de atención á diversidade que integren a formación profesional e as medidas de inserción laboral.

Organizaremos un rexistro de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que permita recoller os datos sobre a súa participación e colaboración na formación en centros de traballo.

Realizaremos un estudo sobre dos novos viveiros de emprego para abordar as necesidades do próximo futuro de Galicia (previsible terciarización económica, despoboación rural acusada, poboación envellecida...).

A oferta de ciclos formativos en Galicia precisa dunha revisión. Iniciaremos un estudo coordinado cos sindicatos, empresarios, Consellería de Traballo, sobre o futuro do mapa da formación profesional en Galicia.

A través da Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional, cooperaremos coa Consellería de Traballo no catálogo das cualificacións profesionais e da oferta integral da formación profesional en Galicia buscando as máximas posibilidades de coordinación nas diferentes ofertas formativas.

Incorporaremos tamén a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional ás estruturas de organización e dinamización da formación profesional en Galicia e desenvolveremos as funcións previstas na área de xestión integrada e na área de calidade e avaliación da formación profesional.

Parece imprescindible que se realice un estudo do mapa de centros integrados de formación profesional (en adiante CIFP) e a súa situación actual, a súa posible ampliación ou reorganización en virtude do que se dispoña na normativa estatal sobre os requisitos mínimos dos CIFP.

Debemos implicar aos axentes sociais, sindicatos, empresarios, concellos na visión da formación profesional como un dos eixes básicos do desenvolvemento económico de Galicia. Articularemos en torno aos CIFP a dinámica de cooperación necesaria de todos os axentes económicos na potenciación da formación profesional, tanto inicial, como ocupacional e continua.

Desenvolveremos os programas, plans e medidas previstos para o ano 2006 no Plan galego de formación profesional. Remataremos a programación para o período 2000-2006 e elaboraremos unha memoria final sobre o seu grao de desenvolvemento e realización. Isto permitiranos estudar a necesidade e viabilidade dun II Plan galego de formación profesional onde se establecerán as novas directrices, estruturas organizativas, programas, plans e medidas para o seu desenvolvemento.

Manteremos os plans de mellora de calidade a través dos centros que participan nas redes de calidade da Comunidade Autónoma, facilitaremos aos centros que o desexen o acceso ás políticas de calidade no ensino mediante a norma UNE EN ISO 9001:2000 e EFQM e incorporaremos a necesidade desa política de calidade aos CIFP.

Os centros de educación de persoas adultas precisan da necesaria potenciación que permita convertelos en verdadeiros centros de ensino, información e canalización das inquiredanzas de formación permanente ao longo da vida.

Potenciaremos as ensinanzas especiais para o cal empezaremos por aprobar normativas específicas que permitan o seu desenvolvemento, construíranse novos centros e remodelaranse aqueles que o necesiten.

Tal e como dixemos, acometeremos a formación continuada do profesorado de formación profesional como unha necesidade do propio sistema. Desenvolveremos os proxectos de innovación, investigación e didáctica no conxunto da formación profesional, das artes plásticas, do deseño, das ensinanzas artísticas e das ensinanzas de idiomas.

Promoveremos a relación entre a formación profesional e as universidades mediante experiencias e proxectos de I+D e o desenvolvemento de becas, axudas e titorías de proxectos en empresas nas que participan conxuntamente os centros de formación profesional (fundamentalmente os CIFP) e as escolas e facultades universitarias.

Por último, queremos lembrar o “Acordo sobre bases programáticas para a acción do goberno” no que se establece con claridade o obxectivo de garantir a viabilidade económica a longo prazo do país, asociándoa directamente á capacidade propia para xerar riqueza e á expansión da nosa capacidade produtiva.

No marco da nova situación que definen as regras da globalización, a consecución destes obxectivos, como coinciden todos os analistas económicos, pasa por situar a xestión do coñecemento e a capacidade tecnolóxica no centro do desenvolvemento económico como elemento dinamizador das estratexias de competencia industrial e modernización socioeconómica.

E por isto polo que, así mesmo, o Programa de acción de goberno establece como obxectivo o pulo das iniciativas en I+D+i e o incremento no gasto en capital humano, particularmente en educación e nas universidades.

Pola súa actividade e as súas capacidades, as universidades galegas son o principal actor científico-tecnolóxico no noso país, non soamente na xeración de coñecemento, senón tamén da transferencia do mesmo ao tecido produtivo. Debe

considerarse, neste senso, que as tres universidades galegas representan o 70% do persoal investigador e o 50% do gasto en I+D, facendo do sistema universitario galego (SUG) a principal entidade investigadora do sistema galego de innovación, en termos de recursos humanos, de infraestruturas e de capacidade para crear coñecemento.

Porén, o noso sistema universitario presenta aínda importantes debilidades que deben ser abordadas para permitirlle asumir esta importante responsabilidade social. Un conxunto de debilidades que conforman un sistema público de investigación fráxil e desestruturado, carente dun marco estrutural para o financiamento e consolidación competitiva das unidades de investigación e para a incorporación e estabilización de xoves investigadores nas universidades.

Diante desta situación, e atendendo ao novo papel que debe asumir a Universidade no marco global e competitivo, requírese redobrar o compromiso da institución universitaria cun desenvolvemento económico fortemente sustentado no coñecemento. Este compromiso debe traducirse en políticas, estratexias e accións decididas, orientadas a propiciar a eficiencia e a produtividade da xestión da investigación e a transferencia de coñecemento.

A acción de goberno que integra as políticas de innovación materialízase a través de PGIDT, en cuxo deseño, definición e aprobación, de acordo coa Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, participan todas as consellerías afectadas. Polo tanto, ao tempo que se avanza no desenvolvemento do conxunto do sistema galego de innovación, no marco das estratexias que debe propor o Plan galego de IDT que coordina a Dirección Xeral de I+D+I, é imprescindible acometer unha ordenación e potenciación dos recursos e capacidades de investigación do sistema universitario, coa finalidade de que poida converterse no punto de apoio para o salto competitivo que require o sistema de innovación en Galicia.

A ordenación das capacidades e recursos e da actividade investigadora do SUG debe ser un dos obxectivos estratéxicos que orienten o desenvolvemento do Plan de

financiamento do SUG 2005-2010, e, polo tanto, a base dunha política de promoción científica e tecnolóxica do SUG liderada desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A partir destes obxectivos, os orzamentos para 2006 da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do sistema universitario de Galicia defínense de acordo aos seguintes presupostos:

MISIÓN:

Promover unha acción política que procure a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no sistema galego de innovación, así como da calidade dos seus medios e resultados, de acordo cos fins marcados no artigo 1.2 da Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

OBXECTIVOS:

1. Mellorar o financiamento estrutural da actividade investigadora do SUG.
2. Mellorar a calidade dos medios e resultados de investigación do SUG.
3. Dotar ao SUG dos recursos humanos necesarios para alcanzar indicadores de referencia española e europea, atendendo as necesidades do sistema galego de innovación.
4. Optimizar a planificación e o uso das infraestruturas científico-tecnolóxicas establecendo un marco de financiamento para o seu desenvolvemento sostible.
5. Potenciar unha organización máis eficiente da investigación na universidade, a través da consolidación de grupos, institutos e outras estruturas, incluídas as mixtas con outras entidades públicas ou privadas, para posibilitar a xeración de unidades con masa crítica competitiva e incrementar a efectividade na produción e posta en valor do coñecemento.
6. Incrementar a presenza da investigación galega no contexto nacional e internacional.

7. Potenciar a transferencia dos resultados da investigación do SUG.
8. Promover a dotación de espazos e servizos tecnolóxicos e de innovación que favorezan a interacción cos axentes económicos e sociais.
9. Avanzar no coñecemento e monitorización da investigación no SUG, identificando con base prospectiva as áreas científico-tecnolóxicas de excelencia e interese socioeconómica ás que orientar a investigación universitaria.

Así mesmo, no ámbito universitario continuaremos desenvolvendo e xestionando o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, aprobado o 29 de novembro de 2004 e con vixencia ata 2010. No 2006 se porá en marcha a implantación dos complementos ligados á excelencia curricular e recoñecemento polos cargos de xestión, complementos retributivos autonómicos ao profesorado universitario, ligados a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión así como a consolidación e incremento da avaliación da investigación ao amparo de Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, e da orde do 5 de febreiro de 1990.

Continuarase coa execución das seguintes actuacións:

1. Axudas para estadias de profesorado visitante nas universidades galegas.
2. Axudas para formación do profesorado universitario.
3. Bolsas para realizar estudos no Colexio de Europa en Bruxes.
4. Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Axudas para asistencia a congresos, simposios e seminarios.
6. Financiamento de viaxes para estadias nalgún estado membro da Unión Europea para coñecer a lingua dese país.
7. Axudas complementarias do programa de acción da Comunidade Europea de mobilidade de estudantes (SÓCRATES-ERASMUS).
8. Bolsas para fillos de emigrantes galegos que veñan cursar estudos ás universidades galegas.
9. Axudas a asociacións de estudantes das universidades galegas.

10. Axudas a estudantes das universidades galegas para a realización de viaxes culturais de carácter pedagóxico.
11. Axudas para alumnos universitarios galegos que realizan estudos nas universidades de fóra de Galicia por non existir a titulación que cursan no sistema universitario de Galicia.
12. Bolsas para realizar estudos de terceiro ciclo.
13. Bolsas para os alumnos universitarios de colaboración nos distintos departamentos das universidades galegas.
14. Axudas aos estudantes do sistema universitario de Galicia interesados en solicitalos créditos para o financiamento dos seus estudos universitarios.
15. Axudas de carácter especial aos estudantes galegos cunha necesidade urxente de recursos económicos motivados por causas sobrevidas e non previstas.

Finalmente iniciárase unha nova liña de actuación destinada á implantación de títulos de posgrao oficiais no sistema universitario de Galicia.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería.

PROGRAMA 321A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN

1. Descrición.

Encóntranse neste programa as dotacións orzamentarias para atender as necesidades do pagamento dos servizos centrais e das delegacións provinciais, como son os de reparacións de edificios, maquinaria, instalación de equipamentos informáticos, material de oficina, subministracións de enerxía eléctrica, combustible,

comunicacións, transporte, xurídicos e contenciosos, os propios do Consello Escolar e do Museo Pedagóxico de Galicia, e as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

Tamén contempla este programa 321A, as transferencias correntes do Museo Pedagóxico de Galicia e Fundación Pro Real Academia Española, así como os investimentos reais previstos en mobiliario e material informático para as dependencias dos mesmos servizos centrais e delegacións provinciais.

Conta, tamén, o capítulo inversor cos orzamentos previstos para atende outro inmovilizado material e investimentos de carácter inmaterial, para o Museo Pedagóxico de Galicia, como pode ser a publicación de fondos bibliográficos, adquisición e restauración do patrimonio moble e documental, informes, material informático, feiras museísticas, exposicións, formación e difusión, inventario, etc.

Adquisición de equipos para procesos de información para os servizos centrais e delegacións, cableado de instalacións e conexións mediante liñas ADSL ou outras alternativas.

Contratación de servizos, consultarías e asistencia técnicas para garantir o cumprimento dos obxectivos enmarcados no proxecto SIEGA.

2. Actividades.

Gastos de funcionamento e transferencias correntes dos servizos centrais e delegacións provinciais.

Adquisición de diverso mobiliario, informático, e outros investimentos, para as dependencias dos servizos centrais e delegacións provinciais.

Adquisición das ferramentas informáticas (equipos, aplicacións, etc.) necesarias para conquistar a completa integración da comunidade educativa galega na sociedade da información.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 322A. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

1. Descrición.

SECRETARÍA XERAL

Unha educación infantil e primaria de calidade é o piar básico do ensino obrigatorio e postobrigatorio.

Entre os obxectivos fundamentais desta consellería para o ano 2006 atópanse os seguintes:

1. Potenciación da orientación.
2. Reforzo educativo, atención á diversidade e a realización de desdobramentos nas linguas estranxeiras e nas áreas e materias prácticas, como a física, a química e a tecnoloxía.
3. Reforzo da aprendizaxe en linguas estranxeiras na educación básica.
4. Incremento da escolarización no segundo ciclo da educación infantil.
5. Potenciación das ensinanzas de réxime especial.

Para ir acadando estes obxectivos, no próximo exercicio orzamentario hai un incremento de 125 dotacións de profesorado, correspondendo 50 ao Corpo de Mestres e 75 ao Corpo de Profesores de Ensino Secundario.

Outro dos obxectivos que persigue esta consellería é a atención individualizada á diversidade. Nesta liña resulta imprescindible prestar unha especial atención ao persoal que exerce as súas funcións no campo da orientación educativa. Por iso se contemplan as partidas orzamentarias necesarias para retribuír as xefaturas de departamento de orientación dos centros de educación infantil e primaria e a adecuación das retribucións dos equipos de orientación específica, colectivos que están retributivamente discriminados sen que exista ningunha razón obxectiva que o xustifique.

Establécese tamén, como un dos obxectivos principais a dotación do persoal non docente necesario para o bo funcionamento dos centros educativos, de xeito que se poida realizar unha atención específica ao alumnado con dificultades especiais. Nesta liña de actuación incrementáse 30 prazas de coidadores e 35 de limpadoras.

Queremos sinalar o esforzo que desde este goberno se vai realizar para dotar de persoal auxiliar administrativo aqueles centros de educación infantil e primaria que polas súas características fan precisa a creación destes postos. A tal fin créanse 25 prazas de auxiliar administrativo que irán destinadas a cubrir as necesidades dos centros que contan cun maior número de alumnos matriculados.

Non debe esquecerse que desde 1989 non se creou ningún posto de auxiliar administrativo nos devanditos centros.

Finalmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tamén pretende dar un impulso ao funcionamento dos servizos complementarios que ofrecen os centros públicos, tanto ao servizo de comedor como á posibilidade de abrir as instalacións dos centros educativos á comunidade educativa e á sociedade en xeral. Para iniciar estes proxectos dótanse 20 novas prazas de persoal subalterno.

Está, á súa vez, no ánimo desta consellería garantir a ensinanza obrigatoria dos nosos cativos o máis cerca posible das súas vivendas e do seu contorno familiar.

Así a consellería vai construír novos CEIPs naquelas localidades onde a oferta educativa existente é insuficiente debido ao crecemento demográfico (Ames, Barbadás, etc.) así coma ampliar aqueles centros susceptibles de ampliación e que logo das correspondentes obras asegurarían prazas para todos os nenos e nenas en idade escolar (CEIP Mosteiro de Bembrive –Vigo; “Luis Seoane” de Oleiros, Narón, etc.).

Estas obras realizaranse con cableado informático para a súa conexión en rede así como con accesos a internet, respectando a lexislación en materia de barreiras arquitectónicas e integración no entorno.

É pretensión desta consellería empezar a apostar pola dotación destes centros de subministración eléctrica a partir das enerxías renovables co fin de conseguir un aforro enerxético e de concienciar aos alumnos e alumnas galegos no respecto ao medio ambiente e na utilización das enerxías alternativas.

Por outra banda, farase un esforzo moi importante de cara a revisar a estrutura, estado, cubertas e fachadas, espazos multidisciplinares e de xogos, dos centros

existentes e a realizar o investimento necesario para que esta Comunidade Autónoma conte con centros dignos e en óptimas condicións.

Os centros de ensino ben conservados e coidados colaboran, sen lugar a dúbidas, nos modelos conductuais formativos para os alumnos. Os centros disporán do mobiliario adecuado ás distintas etapas educativas así coma de material bibliográfico, informático, anatómico, de seguridade vial, etc.

É, precisamente, con cargo a este programa que se materializará a adquisición de equipos para procesos de información para os centros das devanditas etapas educativas, o cableado de instalacións e conexións mediante liñas ADSL ou outras alternativas para facilitarlles a estes centros o acceso á sociedade da información: Internet, Plataforma e-learning, correo electrónico, etc.

Aínda que a ensinanza infantil e primaria é competencia exclusiva da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, avogamos pola optimización das nosas edificacións e dos nosos recursos a través de acordos con outras consellerías (Dirección Xeral para o Deporte), concellos, etc.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

O programa ten como finalidade atender as obrigas que se derivan do funcionamento dos centros públicos e privados concertados que imparten os niveis de educación infantil e educación primaria, co obxectivo de lograr unha mellora na calidade do ensino.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

Os obxectivos deste programa implementaranse a través da execución das obras que se consideren prioritarias así coma da adquisición do equipamento necesario para facer efectivo un ensino de calidade.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

PROGRAMA 322C. ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

1. Descripción.

SECRETARÍA XERAL

Coas partidas do Capítulo VII sufragaranse as actuacións para dotar de infraestruturas aos Campus Universitarios así como para a adquisición de equipamento, de acordo co Plan de financiamento do sistema universitario.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Este programa contén partidas orzamentarias dos capítulos II, IV e VII.

A partida orzamentaria do Capítulo II, dedícase a costear os gastos referentes ás accións necesarias para coordinar o funcionamento do sistema universitario de Galicia, atender os gastos precisos para o funcionamento do Consello Universitario de Galicia e realizar convenios coas diversas institucións para a prestación de servizos en orde a mellorar a calidade do sistema universitario de Galicia.

As partidas orzamentarias co Capítulo IV dedícanse:

1. A financiar a subvención incondicionada ás universidades galegas para atender as súas necesidades (gastos de persoal docente, PAS, funcionamento e mellora das ratios de calidade). Os gastos derivados da avaliación positiva da investigación ao

amparo do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, e da Orde do 3 de febreiro de 1990. Os gastos derivados do complemento retributivo autonómico ao profesorado universitario, ligado a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión. Gastos derivados de contratos-programa coas universidades galegas. Gastos ocasionados pola nivelación das tres universidades.

2. Igualmente se financia a subvención aos centros asociados da UNED.
3. Co fin de sentar as bases dun profesorado plenamente capacitado para desenvolver a súa actividade docente cun nivel de calidade axeitado ao servizo que desenvolven dedícase unha partida deste programa para o dito fin.
4. Co fin de promover e estimular o asociacionismo universitario e as actividades de carácter formativo e científico dos estudantes deste nivel do ensino como modo de potenciar o dinamismo da universidade, dedícase unha partida deste programa.
5. Dedícase unha partida ao financiamento de determinadas accións de apoio económico aos estudantes do sistema universitario de Galicia (bolsas para alumnos que realizan fóra de Galicia estudos universitarios correspondentes a titulacións non implantadas no sistema universitario de Galicia, premios fin de carreira, financiamento de viaxes para estadias nalgún estado membro da UE, complementarias Erasmus, realización de viaxes culturais de carácter pedagógico, axudas para desprazamentos para a realización de prácticas, bolsas para fillos de emigrantes que veñan realizar estudos ás universidades galegas, axudas para solicitar os créditos para o financiamento dos seus estudos, e de terceiro ciclo, bolsas de terceiro ciclo, bolsas de colaboración, bolsas de carácter especial).
6. No presente exercicio adícase unha nova partida a axudar á implantación de títulos de posgrao oficiais no sistema universitario de Galicia.
7. Continúase, a través dunha partida orzamentaria, coa consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

O Capítulo VII dedicarase a sufragar os gastos de reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.

Outra partida dedícase a financiar conxuntamente coas universidades e outras consellerías, o Consorcio de Bibliotecas universitarias.

*DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA
DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA*

Os presupostos da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica encádranse no Programa 322C “Ensino Universitario” coa finalidade de incidir na orientación estratéxica do Plano de Financiamento do SUG, propiciando o alineamento consensuado do gasto nas universidades cos obxectivos formulados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sobre esta base e de acordo aos obxectivos xerais establecidos, os orzamentos para o ano 2006 estrutúranse nos programas e capítulos seguintes:

1. Capítulo IV.

A) Programa de promoción e intensificación da función investigadora no S.U.G.

A finalidade deste programa é a promoción e desenvolvemento da carreira investigadora no sistema universitario de Galicia, incentivando os procesos de incorporación e estabilización de persoal con perfil investigador, así como a intensificación da función investigadora nas universidades. Este programa desenvólvese sobre catro eixes de actuación: formación de persoal investigador; persoal de apoio á investigación; substitución de investigadores e accións de apoio a produción científica de calidade.

B) Convenio Fundación Rof Codina.

Convenio institucional para o apoio ao funcionamento estrutural da Fundación Rof Codina–Hospital Clínico Veterinario – fundación cuxo padroado preside a Consellería de Educación - no desenvolvemento das súas funcións docente, asistenciais e investigadoras asociadas á Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Capítulo VI.

Mapa de infraestruturas e unidades científico tecnolóxicas do SUG

Ten por finalidade identificar as principais infraestruturas do SUG, así como as dos grupos e institutos de maior actividade, coa finalidade de diagnosticar as súas fortalezas e debilidades e equipamento científico e tecnolóxico, ao tempo que elaborar unha descrición do mapa de grupos de investigación do SUG para diagnosticar a súa situación actual. A elaboración do Mapa permitirá establecer aspectos tales como as necesidades reais de infraestruturas para futuras dotacións, o seu grado de depreciación e de uso, e a posibilidade de organizalas en torno a plataformas de servizos tecnolóxicos; identificar as áreas de maior relevancia e as fortalezas e debilidades da investigación nas tres universidades; establecer as bases para desenvolver o decreto de institutos e centros de referencia, e para fixar as pautas e criterios para un futuro programa de consolidación de grupos de investigación competitivos.

3. Capítulo VII.

Programa de consolidación de unidades de I+D e desenvolvemento da función de transferencia.

Este programa desenvolve dous eixes estratéxicos na consolidación da Función Investigadora no SUG:

- A) A Promoción e Consolidación de Unidades de I+D competitivas e alineadas coas prioridades de desenvolvemento económico. O Programa desenvólvese sobre o artellamento dun Mapa de centros, infraestruturas científicas, unidades de I+D e servizos tecnolóxicos, consolidados baixo criterios de excelencia científico-tecnolóxica e vencellados nos ámbitos de maior relevancia socioeconómica para Galicia.
- B) O desenvolvemento de capacidades e servizos para a valorización e proxección económica das capacidades de investigación, propiciando un marco organizativo que propicie a converxencia cos axentes económicos e sociais.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

Execución dos procedementos regulamentarios e protocolos de actuación para conseguir a materialización dos obxectivos propostos.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. Funcionamento, apoio e coordinación do sistema universitario de Galicia.
2. Subvención incondicionada ás universidades galegas para atender as súas necesidades.
3. Posta en marcha dos complementos retributivos ligados á excelencia curricular e recoñecemento polos cargos de xestión.
4. Subvención aos centros asociados da UNED.
5. Convenios coas universidades.
6. Organización de congresos.
7. Subvención a asociacións estudantís.
8. Bolsas de apoio á formación e actualización do profesorado universitario.
9. Bolsas a estudantes universitarios.
10. Axudas á implantación de títulos oficiais de posgrao no sistema universitario de Galicia.
11. Reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.
12. Participación no Consorcio de Bibliotecas.

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. Axudas as actividades docentes, investigadoras e asistenciais da Fundación Rof Codina.
2. Bolsas de formación predoutoral.

3. Contratos de formación postdoutoral.
4. Axudas de intensificación da actividade investigadora.
5. Axudas para consolidación de unidades e estruturas de investigación.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia.

Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

PROGRAMA 322D. EDUCACIÓN ESPECIAL

1. Descrición.

SECRETARÍA XERAL

Esta consellería no seu compromiso de apostar por unha mellora substancial da educación especial vai realizar un forte investimento na remodelación do centro de ensinanza especiais “Carmen Polo” (Ferrol) e na adecuación ás necesidades reais e funcionais dos alumnos/as e residentes deste centro.

Ademais, este programa inclúe a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina do persoal funcionario e laboral non docente que presta os seus servizos en centros de educación especial.

DIRECCIÓN XERAL ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este programa destínase a atender as obrigas daqueles centros, tanto públicos como privados concertados, que imparten ensinanza a alumnos con necesidades educativas especiais, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades, para o que se dota aos centros de recursos económicos precisos para o seu funcionamento.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

Execución das obras e dotación do material e equipamento adecuado ás necesidades funcionais e organizativas do centro.

DIRECCIÓN XERAL ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

PROGRAMA 322E. ENSINANZAS ARTÍSTICAS

1. Descripción.

SECRETARÍA XERAL

As ensinanzas artísticas teñen nos últimos anos unha importante demanda nesta Comunidade Autónoma. A consellería vai apoiar estas ensinanzas coma un dos seus proxectos prioritarios.

Proba diso, é a construción da primeira Escola Superior de Arte Dramático na cidade de Vigo. Tamén remodelará todos aqueles centros que o necesiten e adquirirá o equipamento e material que precisen para obter unhas ensinanzas artísticas de excelencia.

Cremos, porén, que na implantación das ensinanzas artísticas nos distintos lugares da Comunidade Autónoma, deben implicarse outras administracións, de aí que no capítulo VII figure unha dotación orzamentaria que permitirá a execución de obras e actuación cofinanciadas cos concellos.

DIRECCIÓN XERAL ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

O programa, no que se inclúen os conservatorios, as escolas de arte e a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, destínase a conseguir que estes centros poidan desenvolver adecuadamente as súas actividades proporcionando unha formación artística de calidade, para o que se lle envían os importes necesarios para o seu funcionamento.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten como unha das súas finalidades a creación, dotación e sostemento dos conservatorios de música, garantindo unha oferta adecuada e crecente para todos os cidadáns que demandan estas ensinanzas.

Dende hai xa varios anos diversos concellos da Comunidade Autónoma veñen desenvolvendo tamén un importante labor coa iniciativa de creación e co sostemento de centros de carácter público que imparten as ensinanzas regradas de música.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece no seu artigo 39.5 que os estudos de música se poderán cursar, sen límite de idade, en escolas específicas. Estes estudos en ningún caso poderán conducir á obtención de títulos con validez académica e profesional.

A Orde do 11 de marzo de 1993 regula a creación e o funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma salientando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia.

A notable demanda das ensinanzas de música xustifica o crecemento do número de escolas de titularidade pública para achegar aos mozos e afeccionados a posibilidade de cursar estes estudos, tanto para realizar unha actividade de formación artística coma para continuar posteriormente estudos regrados de música en conservatorios ou centros autorizados.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

Destaca fundamentalmente a execución da Escola Superior de Arte Dramático de Vigo, así como obras en conservatorios, etc.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Promocionar as ensinanzas musicais que se imparten en escolas de música e conservatorios, públicos ou privados, fomentando no alumnado máis novo un aprecio polas ensinanzas musicais en tódalas súas extensións.
2. Convocar axudas destinadas a subvencionar o funcionamento, no desenvolvemento das súas actividades docentes, das escolas de música que radiquen na Comunidade Autónoma das que sexan titulares entes públicos.
3. Facer pública a convocatoria para a concesión de subvencións a escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.
4. Promover as axudas destinadas a subvencionar o funcionamento dos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estes conservatorios de música poden ser de grao elemental e/ou profesional e, necesariamente, deben contar coa autorización expresa da consellería.
5. Continuar coa realización de un concurso ou certame de xoves orquestras co obxecto de impulsar a creación e potenciación de agrupacións instrumentais.
6. Realizar concertos didácticos desde os conservatorios coa finalidade de divulgar as ensinanzas musicais.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

PROGRAMA 322G. ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Descrición.

SECRETARÍA XERAL

Con este programa cóbrense as necesidades educativas en materia de idiomas. Desde esta consellería, a actuación máis significativa no eido das ensinanzas especiais é a construción da Escola Oficial de Idiomas en Vilagarcía de Arousa e a correspondente dotación en laboratorios, mobiliario, etc.

Esta actuación supón un paso máis na aposta que deste a consellería se vai realizar a prol dos idiomas estranxeiros xa desde a etapa infantil.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Con este programa son atendidas as obrigas derivadas do funcionamento das escolas oficiais de idiomas, mediante a transferencia das contías precisas para que estes centros poidan realizar as actividades propias destas ensinanzas de réxime especial.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

Construción da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía e reparación daquelas outras existentes que o necesiten así como dotación en equipamento.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral Ordenación e Innovación Educativa.

PROGRAMA 322H. OUTRAS ENSINANZAS

1. Descrición.

Destínase o programa a atender as obrigas daqueles centros que imparten ensinanzas para adultos, así como a subvención do programa Preescolar na casa.

2. Actividades.

As propias para que os centros funcionen.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral Ordenación e Innovación Educativa.

PROGRAMA 322I. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

1. Descrición.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Atender as necesidades de actualización detectadas polos docentes e pola administración educativa co establecemento de plans anuais nos que se integra unha oferta formativa diversificada e gratuíta.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

O programa de formación permanente do profesorado ten como obxectivo atender as necesidades de actualización sentidas polos docentes e as detectadas pola administración educativa. Para iso, deséñanse e impleméntanse plans anuais nos que se integra unha oferta formativa diversificada e gratuíta que pretende mellorar as competencias do profesorado nos aspectos científico, didáctico e profesional.

2. Actividades.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Ofertar un abano de actividades de formación do profesorado, amplo e diverso, a través de diversas modalidades formativas, potenciando a formación do profesorado nas liñas prioritarias definidas pola consellería.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria planificará as actividades de formación do profesorado de ensinanza de réxime especial e de ensinanza de persoas adultas, garantirá unha oferta suficiente, diversificada e gratuíta destas actividades e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas. Así mesmo, facilitará o acceso dos profesores a titulacións que permitan a mobilidade entre as distintas ensanzas, incluídas as universitarias, mediante os acordos oportunos coas universidades.

Estas actividades realizaranse, maioritariamente, a través dos centros de formación e recursos, e a través das seguintes accións: cursos, encontros, xornadas, proxectos de formación e asesoramento do profesorado nos propios centros, seminarios permanentes e grupos de traballo.

Realizará actividades de formación específicas para o ensino da lingua en contextos multiculturais, dado que cada vez será máis necesario formar nas nosas linguas oficiais persoal procedente de países de idiomas diferentes.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

PROGRAMA 322S. FORMACIÓN PROFESIONAL. FSE

1. Descrición.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este programa pretende unha mellora na calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos formativos e programas de garantía social.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

A formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior, estarán referidos ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e constituirán, respectivamente, a formación profesional de grao medio e á formación profesional de grao superior.

A educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, debe propiciar unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Os programas de cualificación profesional inicial posibilitarán que os alumnos acaden competencias profesionais propias do nivel I da estrutura actual do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais creado pola Lei 5/2002, das cualificacións e da formación profesional, e teñan a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria.

2. Actividades.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Revisar a oferta formativa de forma que se responda claramente ás necesidades que xera o territorio e coa suficiente flexibilidade para adaptarse ás necesidades cambiantes que se van producindo. Contando coa colaboración do Observatorio de Emprego e coa información obtida dos estudos realizados sorbe a inserción profesional dos titulados de formación profesional.
2. Potenciar as ensinanzas non vocacionais para que o tecido produtivo dispoña de persoas cualificadas naquelas familias profesionais nas que hai pouca demanda de alumnado.
3. Posibilitar a realización por parte do profesorado de estadías formativas en empresas, así como en centros integrados, que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación entre eles e o contorno produtivo.
4. Convocar axudas económicas para os alumnos que realizan as prácticas formativas nas empresas e teñan que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia. Facilitar, mediante unha convocatoria específica, que poidan realizar estancias formativas en empresas de países da Unión Europea.

5. Participar no desenvolvemento de accións de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas mediante a experiencia laboral ou aprendizaxe non formal que teña como referente o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e permita unha actualización permanente dos colectivos potencialmente interesados, para favorecer a reinserción e mobilidade laboral. Para o éxito do sistema requírese un labor importante de formación e difusión a todos os colectivos implicados de maneira activa ou pasiva, e á sociedade en xeral.
6. Ofertar programas de orientación profesional dirixidos a alumnos de ciclos formativos de graos medio e superior, programas de garantía social, así como a todos os alumnos que se encontran en estudos terminais dunha determinada etapa ou nivel educativo.
7. Fomentar accións de publicidade, información e orientación profesional orientadas a inducir na poboación escolar a demanda de certos ciclos formativos.
8. Participar nos grupos de traballo para cada un dos sectores produtivos nos que están a desenvolver o Catálogo Nacional das Cualificacións, e nos que interveñen expertos das organizacións empresariais e sindicais, ademais dos representantes dos axentes sociais e económicos máis representativos.
9. Promover unha educación permanente. Para tal efecto, preparará aos alumnos para aprender por se mesmos e facilitará ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades.
10. Facilitar que todos os cidadáns teñan a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
11. Para garantir o acceso universal e permanente á aprendizaxe, a consellería colaborará coas distintas instancias públicas e privadas para identificar novas competencias e facilitar a formación requirida para a súa adquisición.

12. Promover, así mesmo, ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias básicas e, se é caso, as correspondentes titulacións, a aqueles xoves e adultos que abandonaron o sistema educativo sen ningunha titulación.
13. Ordenar a oferta de programas de cualificación profesional inicial en centros docentes a fin de garantir aos alumnos a posibilidade real de acceder aos ditos programas.
14. As persoas adultas poden realizar as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, coma a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais, polo que se tenderá a establecer conexións entre ambas vías e se adoptarán medidas para a validación das aprendizaxes así adquiridas.
15. Promover convenios de colaboración para a ensinanza de persoas adultas coas universidades, corporacións locais e outras entidades públicas ou privadas. Neste último suposto, se dará preferencia ás asociacións sen ánimo de lucro. Estes convenios poderán, así mesmo, contemplar a elaboración de materiais que respondan as necesidades técnicas e metodolóxicas deste tipo de ensinanzas.
16. Fomentar a realización de investigacións e a difusión de prácticas innovadoras no campo da educación das persoas adultas, co obxecto de permitir o desenvolvemento de novos modelos educativos e a mellora continua dos existentes.
17. Proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e unha maior defensa fronte ás necesidades de cualificación que lles presenta o seu emprego, como consecuencia dos cambios nos modos de produción e do mercado de traballo.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

PROGRAMA 322T. ENSINANZA SECUNDARIA

1. Descripción.

SECRETARÍA XERAL

A Consellería de Educación é consciente da necesidade de reformar e/ou remodelar unha boa parte dos centros nos que se imparten ensinanzas secundarias. De aí que se vaian acometer actuacións significativas de cara a restaurar edificios coma o IES “Eusebio da Guarda”, “Concepción Arenal” de Ferrol, “Anxel Fole” de Lugo, etc.

A consellería construírá ou ampliará, no seu caso, centros onde a demanda educativa o esixa (Cambre, IES “Chamoso Lamas” do Carballiño, Salceda de Caselas) sen descoidar a educación permanente de adultos como piaí formativo e integrador social dos alumnos que reciben as devanditas ensinanzas. Por iso, se aposta pola construción dun edificio no que se imparta a educación permanente de adultos en Pontevedra.

Consecuentemente, estes centros, así coma todos aqueles que o precisen serán dotados con equipamento e instrumental idóneo para facer efectiva unha ensinanza de calidade que sitúe a educación galega na senda da excelencia. Dentro do equipamento terá un lugar destacado a adquisición de equipos para procesos de información para os centros de ensino secundario e de réxime especial, cableado de instalacións e conexións mediante liñas ADSL ou outras alternativas, facilitando así o acceso dos centros educativos á sociedade da información proporcionándolles acceso a internet, así como a bases de información temáticas, contidos educativos, plataforma de e-learning, correo electrónico, foros para alumnos e profesores e outras ferramentas colaborativas, a través do Portal Educativo da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

Inclúese tamén neste programa unha consignación orzamentaria no capítulo VII que permita establecer convenios de colaboración con corporacións locais interesadas no feito educativo da ensinanza secundaria.

Así mesmo destacamos que, con cargo a este programa, se abonan as nóminas de todo o persoal de ensino secundario, contemplándose un reforzo educativo con especial atención á diversidade e á realización de desdobramentos das linguas estranxeiras e nas áreas e materias prácticas como a física, a química e a tecnoloxía.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Destínase este programa a atender as obrigas derivadas do desenvolvemento das actividades propias dos centros que imparten ensino secundario, tanto públicos coma privados concertados.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Mellora da calidade educativa facilitando a preparación dos alumnos para a actividade nun campo profesional, proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida.
2. Establecer unha estreita vinculación entre as necesidades de formación do mundo produtivo e as ensinanzas que se imparten nos centros de secundaria, bacharelato, artes e formación profesional.
3. Potenciar o ensino de idiomas estranxeiros a través da enseñanza presencial mediante a autorización de máis ensinanzas de idiomas do ciclo elemental nas escolas oficiais de idiomas e nos institutos de educación secundaria, ofertándoas a tódalas persoas maiores de 16 anos.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

1. As necesarias para a execución do programa e a posta en funcionamento dos centros docentes.

2. Adquisición das ferramentas informáticas (equipos, aplicacións e contidos educativos) necesarias para conquistar a completa integración da comunidade educativa galega na sociedade da información, obxectivo fundamental do proxecto Siega.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Elaboración de materiais curriculares e didácticos que faciliten a orientación do profesorado na súa actividade docente nas novas ensinanzas profesionais, así como as novas funcións de orientación educativa e profesional.
2. Planificar as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria, así como as probas de acceso aos estudos de formación profesional e artes plásticas.
3. Diseñar cursos comarcais de alfabetización básica para inmigrantes adultos, coa conseguinte elaboración e publicación de materiais, de cara á obtención do carné de conducir.
4. Xestión de programas de intercambio e cooperación en colaboración coas comunidades autónomas e co Ministerio de Educación e Ciencia.
5. Edición de currículos e desenvolvementos curriculares dos programas de iniciación profesional, ciclos formativos, ensinanzas artísticas e de idiomas, así como materiais de uso en liña para o portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
6. Potenciar as axudas a alumnos e profesores que lles permitan a realización de intercambios con estados membros da Unión Europea.
7. Potenciar a información sobre programas europeos de mobilidade de alumnos para estimular a participación neles, con todas as garantías que permitan un óptimo

aproveitamento do período de prácticas, unha titorización adecuada, e unhas axudas económicas que non supoñan un gravoso desembolso para as familias dos alumnos.

8. Realizar accións de información nos centros docentes e nos centros de formación e recursos para lograr unha maior participación dos nosos centros nos programas europeos “Sócrates” e “Leonardo da Vinci”, así como doutras iniciativas.
9. Promover a realización de proxectos de interese para este departamento no ámbito dos programas das diferentes iniciativas comunitarias.
10. Realización de intercambios de experiencias entre centros docentes galegos con outros de países da Unión Europea dentro da iniciativa comunitaria Interreg IIIA.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

PROGRAMA 323A. SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DO ENSINO

1. Descrición.

SECRETARÍA XERAL

Con cargo a este programa desenvólvense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación, especificamente, o financiamento da gratuidade dos servizos de comedor, transporte escolar e acompañante, nos centros docentes públicos. Págase, ademais, o persoal de cociña dos centros escolares. Así mesmo, durante o ano 2006, vaise realizar dende a consellería un estudo para ter un diagnóstico do estado dos centros de ensino da Comunidade Autónoma, para poder acertar logo coa planificación que se realice á hora de conservar e dotar aos devanditos centros.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Este programa destínase, entre outros, a atender os gastos ocasionados polo funcionamento dos centros residenciais docentes, ao programa de gratuidade de libros de texto para os niveis obrigatorios e gratuítos, as actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares, ao desenvolvemento dos programas de cooperación territorial, ao deseño e elaboración de currículos e materiais curriculares así como á planificación das ensinanzas de réxime xeral e actuacións para a avaliación externa do sistema educativo.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Neste programa ábrese unha liña de axudas a alumnos de niveis non universitarios para a adquisición de ordenadores, coa finalidade de fomentar o acceso dos estudantes ás novas tecnoloxías de información e comunicación.

2. Actividades.

SECRETARÍA XERAL

1. Financiamento da gratuidade do servizo educativo complementario de comedor escolar nos centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma que preceptivamente deben prestalo.
2. Financiamento da prestación do servizo de acompañamento no transporte escolar esixido polo Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
3. Financiamento da gratuidade do servizo educativo complementario de transporte escolar nos centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma.
4. Contratación dunha póliza de responsabilidade civil para todo o persoal ao servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (tanto funcionarios coma persoal laboral e eventual en activo), e de responsabilidade patrimonial esixible á Administración.

5. Contratación de actividades de carácter complementario requiridas para a axeitada tramitación das solicitudes de axudas e bolsas de carácter xeral.
6. Campañas de fomento de igualdade de oportunidades.
7. Desenvolvemento de campañas formativas relacionadas cos servizos complementarios e outros obxectivos compensadores.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Convocatorias, elaboración de normativa, plans, grupos de traballo e todas aquelas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

Convocar axudas a alumnos de niveis non universitarios que permitan sufragar os gasto dunha porcentaxe da adquisición dun ordenador.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición.

Este programa ten como referencia as actividades estatísticas recollidas na Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006, que corresponde ao Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. Actividades.

As recollidas no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS					TOTAL
	01	02	03	04	05	
321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	24.709,9					24.709,9
322A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	545.248,1	201.122,5				746.370,7
322C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	12.380,9			284.913,3	9.397,9	306.692,0
322D EDUCACIÓN ESPECIAL	14.744,0	9.770,9				24.514,8
322E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	23.839,1	1.227,4	994,0			26.060,5
322G ENSINANZAS ESPECIAIS	13.134,5	791,3				13.925,7
322H OUTRAS ENSINANZAS		351,7				351,7
322I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO		3.289,2	700,0			3.989,2
322S FORMACIÓN PROFESIONAL .F.S.E.	8.605,5	9.220,4	5.126,3			22.952,2
322T ENSINANZA SECUNDARIA	613.544,6	38.976,6	1.137,2			653.658,4
323A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS AO ENSINO	139.880,6	17.342,8	3.000,0			160.223,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	13,0					13,0
TOTAL	1.396.100,1	282.092,8	10.957,5	284.913,3	9.397,9	1.983.461,6

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						
	I	II	III	IV	VI	VII	TOTAL
321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACION	20.817,0	3.186,4		166,5	540,0		24.709,9
322A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	501.641,3	9.043,9		194.824,8	40.660,7	200,0	746.370,7
322C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS		1.010,0		279.954,8	150,0	25.577,2	306.692,0
322D EDUCACIÓN ESPECIAL	12.744,0	670,9		9.100,0	2.000,0		24.514,8
322E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	21.453,6	1.227,4		994,0	1.735,5	650,0	26.060,5
322G ENSINANZAS ESPECIAIS	11.661,4	791,3			1.473,0		13.925,7
322H OUTRAS ENSINANZAS		262,9		88,8			351,7
322I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO		553,0		100,0	3.336,2		3.989,2
322S FORMACIÓN PROFESIONAL .F.S.E.	8.605,5	9.493,4		3.747,5	1.105,8		22.952,2
322T ENSINANZA SECUNDARIA	550.616,3	26.079,1	298,1	16.025,8	60.439,1	200,0	653.658,4
323A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS AO ENSINO	10.183,5	133.719,0		12.024,4	1.296,7	3.000,0	160.223,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					13,0		13,0
TOTAL	1.137.722,5	186.037,2	298,1	517.026,5	112.750,0	29.627,2	1.983.461,6

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2006
Cap. I	Persoal	1.137.722,5
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	137.662,2
Cap. III	Gastos financeiros	298,1
Cap. IV	Transferencias correntes	286,5
Cap. VI	Investimentos reais	106.700,0
Cap. VII	Transferencias de capital	13.430,9
TOTAL		1.396.100,1

(Miles de euros)

02	D. X. ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	2006
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	47.008,0
Cap. IV	Transferencias correntes	231.448,5
Cap. VI	Investimentos reais	3.636,2
TOTAL		282.092,8

(Miles de euros)

03	D. X. FORMA. PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS	2006
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	357,0
Cap. IV	Transferencias correntes	5.336,7
Cap. VI	Investimentos reais	2.263,8
Cap. VII	Transferencias de capital	3.000,0
TOTAL		10.957,5

(Miles de euros)

04	D. X. ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA UNIV. DE G.	2006
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.010,0
Cap. IV	Transferencias correntes	278.554,8
Cap. VII	Transferencias de capital	5.348,5
TOTAL		284.913,3

(Miles de euros)

05	D. X. PRO. CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO S. UNIV. DE G.	2006
Cap. IV	Transferencias correntes	1.400,0
Cap. VI	Investimentos reais	150,0
Cap. VII	Transferencias de capital	7.847,9
TOTAL		9.397,9

(Miles de euros)

SERVIZO	2006
01 SECRETARÍA XERAL	1.398.600,1
02 D. X. ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	282.092,8
03 D. X. FORMA. PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS	8.457,5
04 D. X. ORDENACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA UNIV. DE G.	284.913,3
05 D. X. PRO. CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO S. UNIV. DE G.	9.397,9
TOTAL	1.983.461,6

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	1.137.722,5			1.137.722,5
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	186.037,2			186.037,2
Cap. III Gastos financeiros	298,1			298,1
Cap. IV Transferencias correntes	517.026,5			517.026,5
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>1.841.084,3</i>			<i>1.841.084,3</i>
Cap. VI Investimentos reais	112.750,0			112.750,0
Cap. VII Transferencias de capital	29.627,2			29.627,2
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>142.377,2</i>			<i>142.377,2</i>
TOTAL BRUTO	1.983.461,6			
TOTAL CONSOLIDADO	1.983.461,6	0,0	0,0	1.983.461,6

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	10
<i>Persoal funcionario</i>	31.414
Grupo A	12.664
Grupo B	17.001
Grupo C	165
Grupo D	803
Grupo E	781
<i>Persoal laboral</i>	2.480
Grupo I	20
Grupo II	45
Grupo III	64
Grupo IV	799
Grupo V	1.551
Grupo VIII	1
<i>Outro persoal</i>	435
TOTAL	34.339